Resumo

Unidade 8

1. O século XIX (xeralidades):

    1.1. Política: Liberalismo, constitucionalismo, parlamentarismo.
    1.2. Economía e sociedade: Capitalismo, socialismo, anarquismo.
    1.3. Ciencia: maquinismo, darwinismo.
    1.4. Filosofía: Criticismo, idealismo, positivismo, vitalismo.

2. Paso do Romanticismo ao Realismo:

    É o paso do subxectivismo ao obxectivismo, do sentimental á observación do que está no exterior.

3. Literatura e sociedade:

    A literatura do século XIX vai dirixida á clase burguesa.

4. Evolución dos temas e das técnicas:

    Pasamos dos temas íntimos e subxectivos, da novela histórica e de costumes, aos temas extraídos do entorno social, da problemática do momento. Na novela realista predomina a narración en terceira persoa. O narrador é omnisciente e a estrutura é lineal, con frecuentes saltos atrás. Retrátanse personaxes da burguesía e da clase media (novela realista) ou marxinais e obreiros (novela naturalista). Dos personaxes fanse verdadeiros retratos, describindo detalladamente os trazos físicos, psíquicos e morais. Os ambientes preferidos son os da refinada burguesía ou o mundo dos obreiros, pero a novela naturalista presenta ambientes máis miserables e dramáticos.

    O estilo é sobrio e preciso, fronte ao estilo musical do romanticismo, a prosa, ás veces descoidada, pretende reflectir a realidade social dos personaxes. Por iso utilizan distintos rexistros, mesmo xiros locais e xergas.

    Diante da sociedade o autor presenta unha actitude crítica e analítica, denunciando situacións de inxustiza e vicios da clase burguesa. A novela é unha arma de loita social e política, non un modo de exaltación, do individuo, do país ou da nación.

5. Autores:

    5.1. En Francia:

    Os máis importantes novelistas franceses da época realista son: Henri Beyle (“Stendhal”), Honoré de Balzac, Gustave Flaubert, e os da época naturalista,os irmáns Goncourt: Edmond e Jules, Emile Zola, Guy de Maupasant e Alphonse Daudet.

    5.2 En Inglaterra:

    En Inglaterra os narradores máis relevantes desta época son: Charles Dickens; William Makepeace Thackeray; as irmás Brontë: Charlotte, Emily, e Anne; Mary Ann Evans (“George Eliot”), e outros autores que nos resultan hoxe descoñecidos porque son de menor importancia, aínda que algunha novela soa por ser levada ao cine. Así Edward George Bulwer-Lytton, Wilkie Collins, e Anthony Trollope.

    5.3. En Rusia

O Realismo ruso conta con grandes novelistas como Nikolai Vasílievich Gógol; Iván Alexándrovich Goncharov; Iván Serguéievich Turguéniev; Fiódor Mixáilovich Dostoievski); ou Liev Nikoláievich Tolstói.

5.4. En Italia:

Entre os escritores máis representativos poderiamos sinalar a Ippolito Nievo; Giuseppe Rovani; ou Alfredo Oriani. O esforzo destes tres autores é continuado por Girolamo Rovetta; Luigi Capuana, e Giovanni Verga, e Carlo Lorenzini.

5.5. En Alemaña:

O único que merece mención é Theodor Fontane.

5.6. En Portugal:

En Portugal debemos salientar as figuras de Camilo Castelo Branco, e José María Eça de Queiroz.

5.7. En Brasil:

En Brasil Manuel Antonio de Almeida, e sobre todo Xoaquín María Machado de Asís. Na segunda etapa destacan escritores cunha versión do realismo máis próxima á natureza (Afonso Arinos, Euclides da Cunha). Esta tendencia acentúase no primeiro terzo do século XX con escritores como Xosé Pereira da Graça Araña.

5.8. En Hispanoamérica:

Algúns dos narradores máis salientables da literatura hispanoamericana da época son: o chileno Alberto Blest Gana, o colombiano Jorge Isaacs, o mexicano Ignacio Manuel Altamirano, o cubano Cirilo Villaverde, e o arxentino Lucio Vicente López

5.9. En España:

En España os principais novelistas do realismo ou realismo de apoxeo, como se prefire chamar a época naturalista, son: Cecilia Böhl de Faber ("Fernán Caballero"), José María de Pereda, Pedro Antonio de Alarcón, Juan Valera, Benito Pérez Galdós e xa no realismo de apoxeo: Leopoldo Alas ("Clarín"), Emilia Pardo Bazán, Vicente Blasco Ibáñez.

5.10. En Galicia:

En Galicia os narradores de fins de século están entre o Romanticismo e o Realismo, como xa quedou apuntado no seu momento. Por ese motivo volveriamos citar a Marcial Valladares, Antonio López Ferreiro, Lamas Carvajal ou mesmo a Heraclio Pérez Placer.

6. Os personaxes femininos nalgunhas das obras máis representativas

Moitos dos escritores que citamos escribiron novelas protagonizadas por personaxes femininas, baste lembrar títulos como *A señora Bobary*, *Irmá Filomena, A pequena Dorrit, Jane Eyre*, *Agnes Grey*, *A dama de branco*, *Ana Karenina*, *Perfís de mulleres*, *Giacinta*, *Storia de una capinera*, *Eva*, *Effi Briest*, *María*, *A pródiga*, *Sotileza* (protagonizada por Silda), *Dona Luz*, *Xoaniña a Longa*, *Xenio e figura* (protagonizada por Rafaela), *Pepita Ximénez*, *A Raíña Mártir*, *A rexenta*, *Misericordia*, *Marianela*, *Fortunata e Xacinta*, ou *Maxina ou a filla espúrea*. Con todo fixemos a atención nalgunhas das personaxes que protagonizaron as historias de ficción máis relevantes.